

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### MINISTERIO DE INDUSTRIA, ENERXÍA E TURISMO

**2082** *Corrección de erros do Real decreto 1699/2011, do 18 de novembro, polo que se regula a conexión á rede de instalacións de produción de enerxía eléctrica de pequena potencia.*

Advertidos erros no Real decreto 1699/2011, do 18 de novembro, polo que se regula a conexión á rede de instalacións de produción de enerxía eléctrica de pequena potencia, publicado no «Boletín Oficial del Estado», suplemento en lingua galega número 295, do 8 de decembro de 2011, procédese a efectuar as oportunas rectificacións:

Na páxina 14, na disposición transitoria primeira, onde di: «... no artigo 6 e na disposición adicional terceira...», debe dicir: «... no artigo 6 e na disposición adicional décimo terceira do Real decreto 1955/2000, do 1 de decembro, polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministración e procedementos de autorización de instalacións de enerxía eléctrica...».

Na páxina 16, na disposición derradeira primeira, punto dous, no primeiro parágrafo do número 1, onde di: «1. Para todas as instalacións de xeración de réxime ordinario e réxime especial non previstas neste real decreto, o custo...», debe dicir: «1. Para todas as instalacións de xeración de réxime ordinario e réxime especial ás cales non lles sexa aplicable a normativa específica reguladora da conexión a rede das instalacións de produción de enerxía eléctrica de pequena potencia o custo...».

Na páxina 24, na disposición derradeira cuarta, punto dous, no cuarto parágrafo do número 2, onde di: «... o prazo máximo para resolver e notificar será de seis meses desde que a Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas lle notifique ao interesado o acto de iniciación daqueles.», debe dicir: «... o prazo máximo para resolver e notificar será de seis meses desde a data do acordo de iniciación ditado pola Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas.».

Na páxina 26, no anexo I, número 2.a), terceira liña, onde di: «... instalacións de produción xa conectadas con punto de conexión vixente...», debe dicir: «... instalacións de produción xa conectadas ou con punto de conexión vixente...».

Na páxina 29, no anexo III, no segundo parágrafo da epígrafe II.II das estipulacións, segunda liña, onde di: «... o factor de potencia non será inferior a 0,9 con posibilidade de acollerse...», debe dicir: «... o factor de potencia da enerxía subministrada á rede da empresa distribuidora será o máis próximo posible á unidade e, en todo caso, superior a 0,98 cando a instalación traballe a potencias superiores ao 25 por cento da súa potencia nominal, con posibilidade de acollerse...».